

**RESUMO DA LEI 20/2007, DE 11 DE XULLO, DO ESTATUTO DO TRABALLO
AUTÓNOMO.**

O día 12 de xullo publicouse o Estatuto do Traballo Autónomo que entrará en vigor en outubro. O novo documento trata de ordenar e regular o funcionamento do réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Entre as novidades máis destacadas do novo marco normativo destacan:

1. Fíxanse as regras de **prevención de riscos laborais**, por medio de actividades de promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento polos traballadores autónomos da normativa aplicable. Así, disfrutarán da mesma lexislación que os asalariados nesta materia, tanto cando traballen por conta propia como cando presten os seus servizos a unha empresa.

2. Establécense **garantías económicas para o traballador autónomo, entre as cales destaca que responderán das súas obrigas con todos os seus bens, presentes e futuros.**

3. **Introdúcese a figura do traballador autónomo economicamente dependente**, definíndoo como aquel que percibe, como mínimo un 75% dos seus ingresos dun único cliente, especificando qué requisitos deben cumprir e os dereitos que lle asisten:
 - 18 días hábiles de vacacións.
 - O horario de actividade tratará de adaptarse aos efectos de conciliar a súa vida laboral e familiar.
 - Asignase á xurisdicción social a competencia para resolver as controversias derivadas do contrato celebrado entre o traballador dependente e o seu cliente

4. Recóllese a **posibilidade de contratar aos fillos menores de 30 anos que convivan co traballador autónomo.**

5. Formúlase un **catálogo de dereitos e deberes**, tanto individuais como colectivos.

6. **Créase o Consello do Traballo Autónomo**, que se constitúe como órgano consultivo do Goberno en materia socioeconómica e profesional do traballo autónomo.

7. En canto á **protección social**, trátase de equiparar os dereitos e deberes do traballador autónomo aos dos restantes traballadores do réxime xeral da Seguridade Social. En concreto, os traballadores autónomos estarán protexidos nos seguintes supostos:
- Maternidade, enfermidade común ou profesional e accidentes, sexan de traballo ou non.
 - Incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, paternidade, risco durante a lactancia, incapacidade permanente, xubilación, morte e supervivencia e familiares por fillo a cargo.
 - Os traballadores autónomos economicamente dependentes tamén se beneficiarán da **protección por accidentes de traballo e enfermidade profesional**, recoñecéndose a prestación por accidente laboral en situacións *in itinere*, é dicir, aquel que ocorra nos desprazamentos dende ou ata o lugar de traballo.
 - **Permitirase a xubilación anticipada atendendo a natureza tóxica, perigosa ou penosa da actividade exercida**, nos mesmos supostos e colectivos para os que estea establecido o dito dereito respecto dos traballadores por conta allea.
8. **Mandátase ao Goberno para que propoña a regulación dun sistema específico de protección por cesamento de actividade**, atendendo ás características persoais ou natureza da actividade exercida.
9. Establécense **medidas de fomento do emprego** co fin de promover o inicio da actividade, apoiando financeiramente as iniciativas económicas, mellorando a formación profesional, prestando asesoramento técnico a todo emprendedor.
10. A Lei establecerá **reduccións e bonificacións nas cotizacións dos seguintes colectivos**:
- Quen, en función doutra actividade realizada, cotice por riba da base máxima do réxime xeral da Seguridade Social.
 - As persoas con discapacidade que realicen un traballo autónomo.
 - Os traballadores autónomos que se dediquen á venda ambulante ou a domicilio.
 - Aqueles outros colectivos que se determinen por lei ou regulamento.

11. Finalmente, **os xovenes de ata 30 anos e as mulleres de ata 35 , que inicien unha actividade como autónomos, serán bonificados nun 30 %** (ata agora era nun 25%) **nas súas cotizacións á Seguridade Social, durante os 30 meses seguintes.**

12. **Esta Lei entrará en vigor aos 3 meses da súa publicación no B.O.E** (a data de publicación no citado boletín é de 12 de xullo de 2007).